

**FICHA RESUME**

Ano	2009	PE403A 2008/80-1
Entidade	COFRADÍA DE PALMEIRA	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓN	
Modalidade⁽³⁾	A FLOTE	

Especies	Ameixa babosa, ameixa fina, ameixa rubia, ameixa bicuda, berberecho, reló, carneiro
Ambito do plan	Pta. Aguiuncho, Illote de Grades e Pedras Pahares
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de Explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	12	21
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾	Si	
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	5	

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		160										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾ Dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura⁽⁶⁾			
Especies	A pé	Embarcación	kg/tripulante/día
Ameixa babosa			10
Ameixa fina			4
Ameixa rubia			25
Ameixa bicuda			10
Berberecho			10
Reló			-
Carneiro			10

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo.

Artes a empregar	Rastro de ameixa cunha separación de varillas de 18 mm.
Puntos de control	Pantalán de Palmeira
Puntos de venda	Lonxa de Ribeira



Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións Palmeira												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembr				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións Palmeira												
Especies: Ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións Palmeira												
Especies: Ameixa babosa, A. fina												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións Palmeira												
Especies: Ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Autorizacións Palmeira												
Especies: Ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Autorizacións Palmeira												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ampliación: No plan solicítase a ampliación de 5 embarcacións basándose na diminución do número de embarcacións como consecuencia das baixas producidas (ventas, baixas para novas construcións, paralización).

Dáse a circunstancia que, debido ao escaso número de embarcacións que traballan na actualidade neste plan, non se explota toda a superficie potencialmente rendible dos bancos, polo que, unha ampliación podería ser beneficiosa para acadar un aumentode mariscadores que dinamice a actividade e explote unha maior superficie dos bancos que a que se leva a cabo na actualidade. Ademais, aínda que os datos xerais da explotación amosan medias de CPUE bastante alonxads dos topes máximos autorizados, se consideramos os datos polo miúdo podemos observar que algúns mariscadores, acadan capturas próximas a eses topes, o que pode orientar a pensar que a explotación dos bancos pode ser máis rendible se se leva a cabo por mariscadores con máis dedicación a esta arte. A incorporación ao plan de 5 novas embarcacións suporía un aumento do esforzo pesqueiro dun 21,4% respecto ao ano 2008, que segundo os datos dispoñibles,sería asumible e que serían seleccionadas en función do baremo que aprobouse a Dirección Xeral de Recursos Mariños. Sen embargo, a Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes na Comunidade Autónoma de Galicia reflicte que non se poderán incrementar ata que se dispoña o contrario, o raño, a gancha e o angazo, coas que tradicionalmente se vén exercendo o marisqueo desde embarcación. Polo tanto, e en tanto



non se modifique a normativa anterior non poderá levarse a cabo a ampliación solicitada e aceptada.

Calendario: Tendo en conta a evolución da campaña e o posible incremento do número de embarcacións non se autoriza o incremento de días solicitado, quedando o número máximo de días tal e como figura na ficha.

Cotas máximas de captura: tendo en conta a evolución da campaña e o posible incremento do número de embarcacións, as cotas máximas de captura quedan tal e como se recollen na ficha.

Artes: Autorízase o emprego do rastro cunha separación de 18 mm, ao tratarse dunha medida máis restritiva que o establecido no Decreto 424/1993.

Normas do plan: os mariscadores participarán nas vixilancias e actividades de semicultivo, polo tanto o plan debería reflectir o procedemento sancionador e réxime disciplinario no caso de incumprimento destas tarefas. Con respecto a este aspecto recoméndase que o colectivo revise coa axente de extensión se o procedemento sancionador se axusta aos estatutos da confraría e ó posible regulamento de réxime interior da agrupación, e se as medidas cautelares contempladas son axeitadas. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

O plan de control e seguimento da actividade marisqueira é desenvolvido polo persoal da confraría. O sistema de traballo implantado consiste en, unha vez rematada a xornada de traballo, os mariscadores/as deberán pasar polo punto de control, xa establecidos no pantalán, para a comprobación do cupo, talla (peneira) das capturas e número de mariscadoras que interviñeron ese día nas tarefas extractivas con fins comerciais.

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Carta náutica co punto de control debidamente localizado.
- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.